

Polideportivo



CARREIRA POPULAR DAS PRAIAS

Mañá en Barreiros

11:15h Categoría Infantil || 12:30h Adultos

GOLF

2ª proba do Open Muralla de Lugo

O Club de Golf de Lugo organiza hoxe a segunda proba do seu Open. O torneo dispútase na modalidade Stableford individual e puntuarán as tres mellores tarxetas de cada xogador

JUDO

8ª Edición Torneo Villa Castroverde

O Ximnasio Senra de Lugo organiza no Polideportivo Municipal de Castroverde esta competición que dará comezo mañá a partir das 17:00 horas

Partidos destacados

Hoxe 17:30 h. FÚTBOL
Copa Deputación, O Páramo - Viveiro

Mañá 11:30 h. FÚTBOL BASE
Finais Copa alevíns en Benxamín na Ribela

Mañá 18:00 h. FÚTBOL
Copa Deputación, Taboada - Outeiro de Rei

Mañá 18:30 h. FÚTBOL
Final Copa Deputación, Brollón - Burela

FÚTBOL BASE

Torneo fútbol oito en Ribadeo

Chega o turno dos alevíns e miniprebexamín no Pepe Barrera. Un total de 24 equipos galegos e asturianos participarán ao longo do día de hoxe e mañá

M. LOSADA

M U L T I M A R C A

Guitiriz

www.automovilesmosada.com





Os 21 do Camiño

750 corredores participan esta tarde nesta media maratón que percorrera o treito da vía xacobeana entre Palas de Rei e Melide

Esta tarde o Camiño de Santiago converterase nun circuito deportivo. Os corredores tomarán o relevo dos peregrinos coa celebración da media maratón "Os 21 do Camiño", que percorrera o treito da vía xacobeana entre Palas de Rei e Melide.

As 750 prazas que se ofrecían para a carreira – 50 máis que na pasada edición - cubríronse xa hai tres semanas. A convocatoria queda escasa para esta proba que naceu en setembro de 2013, da man da Asociación Deportiva Cerne, de Melide, "coa intención de facer unha carreira na que o corredor popular se sinta gañador dende o momento da súa inscrición". "É unha proba que organizamos corredores, facemos o que queremos que nos fagan a nós nas carreiras. Todo o que se recada invístese á carreira, en regalos para corredores, avituallamento", engade David Pájaro, un dos membros da asociación.

A carreira comezará ás 18:30 h. na Praza de Palas de Rei, onde estarán corredores de toda Galicia, pero "o que máis nos enorgullece e a participación de xente da contorna de Palas e de Melide que non participa noutras probas en todo o ano e que, sen embargo, prepáranse para estar nesta carreira porque é a do pobo, a da comarca. Entrenan durante meses para estar nela".

Moitos xa tiveron a ocasión de probar sensacións na Quedada dos 21, que se celebrou o pasado 1 de maio. Unha cita case tan consolidada como a propia proba, na que se fai o percorrido enteiro da media maratón con diferentes ritmos. Paralelamente, organizase tamén unha andaina de 15 quilómetros que atrae a moitos veciños da bisbarra.

Nos primeiros seis quilómetros, a proba transcorre por un circuito no entorno de Palas. Á saída da vila, os corredores incorpóranse ao Camiño de Santiago propiamente dito e percorren quince quilómetros máis nun trazado de empedrado, asfalto e terreo, á beira de monumentos medievais nun entorno natural privilexiado. A este respecto, a organización fai un chamamento explícito. "A carreira discorrerá por un espazo declarado Patrimonio da Humanidade, por iso facemos un chamamento polo sentidíño e a colaboración dos participantes, para que procuren arroxar as botellas nas zonas próximas aos avituallamentos (haberá contedores) co fin de deixar o recorrido tan limpo como o atopamos antes do evento", remarcan no regulamento da proba.

O paso pola ruta xacobeana tenlle dado á cita acento internacional. "O ano pasado participou un americano que vira a proba na Guía do Peregrino, e que pasou por aquí xusto neses días", comenta David Pájaro como dato anecdótico. E incide tamén no horario da carreira.



"Nesta época xa temos moitísimos peregrinos no Camiño, pero pasan sobre todo á mañá, por iso puxemos a proba pola tarde".

Como en anos anteriores, haberá unha cronoescalada cronometrada no lugar do Mato, dende o quilómetro 11 ata o 12,6 da carreira, nun dos tramos de maior desnivel do circuito. Os que fagan eses 1.600 metros en menos tempo e rematen a media maratón recibirán lotes de produtos. Os cinco primeiros en concluír os 21 quilómetros da carreira recibirán premios por un valor total de

900 euros en metálico.

Os organizadores contan coa colaboración duns 150 voluntarios que estarán a pé de ruta para guiar aos corredores nos cruzamentos, ofrecerlles avituallamento e coidar de cada detalle durante as tres horas posteriores á saída. A teima da Asociación Deportiva Cerne está en facer da proba un recurso para dinamizar a comarca, e sobre todo un evento popular. A carreira concluírá cunha "festa popular" con "xamón, empanada e cervexa", un avituallamento especial na chegada á meta, en Melide.

Arde • LVCVS MMXVIII

 Ven;
é **Lugo**

   
www.ardelucus.com

Teñen a forza, creatividade e traballo inhumano de romanos/as e castrexos/as lucenses e cumpren un papel imprescindible no Arde Lvcvs.

**LONGA VIDA
ÁS ASOCIACIÓNS!**



**LONGA VIDA
A LVCVS AVGVSTI!**



BILLAR

COMPETICIÓN BILLAR

| CAT. | LOCAL | VISITANTE | DATA |
|-------------|------------------|---------------------|------|
| Liga Bola 9 | Antonio Martínez | David Mosteiro | Hoxe |
| Liga Bola 9 | Jorge Blanco | Andrés Varela | Hoxe |
| Liga Bola 9 | Victor Castro | Javier Vázquez | Hoxe |
| Liga Bola 9 | Omar Engroba | Jose Capón | Hoxe |
| Liga Bola 9 | Édgar Redondo | Joaquín de Santiago | Hoxe |
| Ind. 2ª | Omar Rajal | Jose Capón | Hoxe |
| Ind. 2ª | Iván Rey | Andrés Varela | Hoxe |
| Ind. 2ª | Alejandro Doval | Jorge Blanco | Hoxe |
| Ind. 2ª | Marcos González | Jose M. Díaz | Hoxe |
| Ind. 3ª | Borja Argerey | Jose Sampayo | Hoxe |
| Ind. 3ª | Justo Rguez | Jaime Fontal | Hoxe |
| Ind. 3ª | Roberto Cardeiro | Samuel Yanes | Hoxe |
| Ind. 3ª | Juan Vázquez | Carlos Vázquez | Hoxe |
| Ind. 3ª | Mar Expósito | Jose Cazón | Hoxe |
| Ind. 3ª | Amalia Buidé | Ángel Doural | Hoxe |
| Ind. 3ª | Luis M. Barreira | Rubén Fdez | Hoxe |

DARDOS

COMPETICIÓN DARDOS

| CAT. | LOCAL | VISITANTE | DATA |
|------------|-----------------|--------------------|------|
| Gallega 1 | K2 Bregón | Team Darts S. Xiao | Mañá |
| Gallega 3 | A Veiga | Bar Nela | Mañá |
| Gallega 6 | Pipoka Team | Team Lareira | Mañá |
| Gallega 6 | Os Renacidos | A Palo Seco | Mañá |
| Gallega 7 | Chacaritas | T. Astillas | Mañá |
| Gallega 7 | A Bichería | Baco Darts | Mañá |
| Gallega 7 | Ruxedarts | Bodegón JJ | Mañá |
| Gallega 8 | Gaucho Darts | Underground | Mañá |
| Gallega 9 | Pub Tibor | Max Priton | Mañá |
| Gallega 9 | Politécnica | Master Xeixo | Mañá |
| Gallega 10 | Os de Sempre | Team Clover | Mañá |
| Gallega 13 | Perfil | Dorna | Mañá |
| Gallega 14 | Amigos da Lacra | Meira 2 | Mañá |
| Gallega 14 | Bar Mario | La Bolsa | Mañá |
| Gallega 15 | Os de Monforte | Crazy Darts | Mañá |
| Gallega 15 | T. Titanes | Kurva 1906 | Mañá |
| Gallega 17 | Rockteam | A Choza | Mañá |
| Gallega 17 | Drink Darts | Bregón | Mañá |
| Gallega 17 | T. Venus | Tiempos Darts 22 | Mañá |
| Gallega 18 | Bar Gaucho | Somos Nostrum | Mañá |
| Gallega 18 | O Braseiro | Roca 2 | Mañá |
| Gallega 19 | Club Náutico | A de Pili | Mañá |
| Gallega 19 | Novo Carabelo | Os de Lugo | Mañá |
| Gallega 20 | Carabelos | Chester Darts | Mañá |
| Gallega 20 | La Oficina | Paradela Darts | Mañá |
| Gallega 20 | Bregón II | Somos Galegos | Mañá |
| Gallega 21 | Bar Cheko | Planta Baja | Mañá |
| Gallega 22 | Abella | As Darderas | Mañá |
| Gallega 22 | Tiempos 2018 | Dardos Galicia | Mañá |
| Parejas A | Manu/Chan | No se Aplaza | Mañá |
| Parejas A | Dani/Danis | Os Bichos | Mañá |
| Parejas A | Javier/Abuelo | Los Tramaos | Mañá |
| Parejas A | Roxo/Piplus | O Chao | Mañá |
| Parejas B | Richi/Karlos | Adrián/Mera | Mañá |
| Parejas B | Monopoly | Valla Dos | Mañá |
| Parejas B | Tiempos | Chacaritas | Mañá |
| Parejas B | Ruxedarts | Blues Brothers | Mañá |
| Parejas C | A Veiga | Victor/Jorge | Mañá |
| Parejas C | Bar Mario | Bolas de Cristal | Mañá |
| Parejas C | Perfil/Rios | Os Novos | Mañá |
| Parejas C | O Braseiro | Damián/Pereiras | Mañá |
| Parejas D | As Lacras | Os de Monforte | Mañá |
| Parejas D | Canadienses | Nessa/lalas | Mañá |
| Parejas D | Dami/Samuel | Tiempos Vou | Mañá |
| Parejas D | Manu/Camba | Os Abuelos | Mañá |

TRIATLÓN

Mañá. As Pontes-Vilalba-Xermade NORTHWEST TRIMAN

Triatletas de Cidade de Lugo Fluvial, AD Tri-pentas Terras de Lugo, Triatlón Muralla, Club Ciclista Vilalba-As Pontes e AD San Ramón participan nesta proba que reúne máis de 700 atletas de España e Portugal. A proba, que arrancará ás 7:15 horas no Lago de As Pontes, cun sector de natación, continuará cun sector de ciclismo -circuíto de 44 quilómetros ao que terán que dar catro voltas- que levará aos atletas polos concellos de Vilalba e Xermade e rematará cunha maratón de 42 quilómetros que transcorrerá polas rúas da vila das Pontes.

BALONMÁN

Hoxe. Bueu CAMPIONATO GALEGO DE SELECCIÓN PROVINCIAIS

As seleccións alevín mixta e infantil masculina de Lugo participan hoxe neste campionato galego que se disputa no pavillón Pablo Herbello de Bueu.

O combinado alevín intégrano xogadores e xogadoras de BM Viveiro, BM Lucus, BM Lucus Outeiro, BM Lucense A e Polideportivo Lucense. O infantil fórmano xogadores de BM Viveiro e BM Lucus.

Cada selección xogará tres partidos -un con cada un dos outros tres combinados provinciais-.

Os primeiros encontros dos combinados lucenses serán ás 12:30 h., contra as seleccións da Coruña. A cerimonia de clausura e entrega de premios será ás 20:00 h.

NATACIÓN

Hoxe. Ferrol COPA GALEGA BENXAMÍN

CN Portamiñá e Club Fluvial de Lugo representan á natación lucense neste torneo que se celebra en Ferrol. 41 nadadores e nadadoras de Portamiñá e 32 do Fluvial realizarán as diferentes probas previstas ao longo da tarde na piscina olímpica J. Gómez Noia. A Copa Galega reúne máis de 270 deportistas de 8 clubs galegos.

GOLF

Hoxe. Lugo 2ª PROBA OPEN DE GOLF MURALLA DE LUGO

O Club de Golf de Lugo organiza hoxe a segunda das cinco probas do seu Open de Golf Muralla de Lugo.

O torneo dispútase na modalidade Stableford Individual. Puntuarán as tres mellores tarxetas de cada xogador.

O calendario de probas continúa con tres citas máis, o 14 de xullo, o 15 de setembro e o 27 de outubro. O día da derradeira proba entregaranse os premios aos gañadores de cada unha das xornadas e tamén aos gañadores do Open en cada unha das categorías.

FÚTBOL SALA

Hoxe. Fene CAMPIONATO GALEGO ALEVÍN

O Santiago de Foz disputa hoxe a Fase Final do Campionato Galego Alevín no pavillón da Xunqueira, en Fene.

Os mariñoas comezarán a xornada medíndose ao CMI Unidad de Fene en semifinais, ás 11:15 h. Se logran a clasificación, disputarán a final ás 18:00 horas contra o rival que saia da outra eliminatoria entre Club Labor e EDC Celanova.

Desde o xoves ata mañá. A Coruña MEMORIAL HÉROES DO ORZÁN

Burela Pescados Rubén FS participa durante a fin de semana na primeira fase deste torneo en homenaxe aos tres policías falecidos no ano 2012 nas augas do Orzán, mentres intentaban efectuar un rescate. A competición terá continuidade do 27 de xuño ao 1 de xullo na Mariña Lucense.

Na primeira sede, o equipo burelao será o único representante lucense dun elenco de 30, mentres que, na segunda fase, o torneo -que conta co patrocinio da Deputación de Lugo- reunirá 70 equipos de Galicia e tamén de Asturias, Madrid e Castela e León. Os encontros disputaranse en pavilións de Viveiro, Xove, Burela, San Cibrao e Foz, atraendo á marca uns 4.000 visitantes segundo as previsións do organismo provincial.

JUDO

Mañá. Castroverde. TORNEO VILLA DE CASTROVERDE

O polideportivo municipal de Castroverde acolle a oitava edición do Torneo, organizado polo ximnasio Senra de Lugo.

Na competición participarán deportistas do club e as escolas municipais que o xestionan. Ademais, o Torneo tamén convoca clubs da Coruña, Vilagarcía e Braga, en Portugal. A competición comezará ás 17:00 horas.

ATLETISMO



Mañá. Barreiros CARREIRA POPULAR DAS PRAIAS

O concello de Barreiros e a Peña Barcelonista San Miguel organizan a sexta edición desta proba popular que percorre as praias do municipio. A carreira de adultos comezará ás 12:30 horas, con saída dende a praia de Arealonga e meta na de Altar. Antes, celebrárase a proba das categorías infantís, que arrancará ás 11:15 horas na praia de Altar.

Hoxe. Pontevedra CAMPIONATO DE GALICIA MÁSTER

Atletas de Club Atletismo Lourenza, Atletismo Ribadeo, Ego-varros, Verxel Nutrición Deportiva, Lucus Caixa Rural, Atlética Lucense, e Atletismo Friol participan hoxe nas diferentes probas do Campionato de Galicia Máster que se celebra nas pistas do Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra. Gustavo Platas, de Verxel, parte coa mellor marca dos inscritos en 5.000 metros, e Manuel Penas, de Atlética Lucense, en lanzamento de peso (2Kg).

Hoxe e mañá. Guadalajara CAMPIONATO DE ESPAÑA SUB 14

Franciscanos Lugo e Atlética Lucense participan durante a fin de semana nesta competición estatal por equipos que reunirá 480 atletas en Guadalajara.

Hoxe e mañá. Avilés CAMPIONATO DE ESPAÑA SELECCIONES AUTONÓMICAS SUB 16

Doce atletas de clubs lucenses -Lucus Caixa Rural, Atlética Lucense, Franciscanos, Atletismo Friol e Maderas Barcia Lourenzá- participan coa selección galega neste campionato cadete en idade escolar que se celebra esta fin de semana en Avilés.

FÚTBOL



Hoxe e mañá. Ribadeo TORNEO ALEVÍN E MINIPREBENXAMÍN

Última fin de semana de torneos en Ribadeo, coa disputa da competición nas categorías alevín e miniprebexamín. SD Ribadeo e Spórting Pontenova serán os representantes lucenses no torneo alevín que reunirá 24 equipos galegos e asturianos.

COMPETICIÓN FÚTBOL

| CAT. | LOCAL | VISITANTE | LUGAR | DATA |
|--------------|------------|----------------|------------|-------------|
| Copa Pref/1ª | O Páramo | Viveiro CF | As Rapadas | Hoxe 16:30h |
| Copa Pref/1ª | Taboada CF | Outeiro | A Medela | Mañá 18:00h |
| Copa 2ª/3ª | SD Burela | Brollón | Anxo Carro | Mañá 18:30h |
| Copa Vet. | Taboada | Sagrado C. | A Medela | Hoxe 17:00h |
| Copa Vet. | R. Fraín | Begonte | A Cheda | Hoxe 18:00h |
| Copa Fem. | Milagrosa | P. Mixta Friol | L. Gorgoso | Mañá 17:00h |
| Copa Fem. | Antas | Ribadeo | C. Seoane | Mañá 18:00h |
| Copa Alevín | S. de Foz | SD Viveiro | A Ribela | Mañá 11:30h |
| Copa Benx. | CD Lugo A | CD Lugo B | A Ribela | Mañá 11:30h |

Vida extra para a Milagrosa infantil na Fase de Ascenso

Os de Madriles, que quedaran eliminados ante o Lalín, terán outra oportunidade de ascender ao quedar unha vacante na Liga Galega a próxima temporada



A Milagrosa infantil disputará un encontro á caída ante o Ribeira por un posto na Liga Galega á próxima tempada

A incerteza e as sorpresas nas fases de ascenso cada temporada estanse convertendo en habituais. Sobre todo na categoría infantil.

A pasada campaña o Rácing Villalbés viviu nas súas carnes. Tras impoñerse con autoridade ao Imperátor no Roca por tres goles a cero no partido de ida da última eliminatoria, os herculinos reclamaron alineación indebida do Rácing. Os chairegos cometérona sen ningún tipo de intencionalidade, pero foron sancionados pola Federación Galega de fútbol.

A cousa non terminou aí, xa que o Rácing Villalbés

tamén descubriu unha alineación indebida do Imperátor, que tamén corroborou a Federación Galega de fútbol. Lonxe de optar polas vías máis lóxicas, deixar impunes ambos feitos e xogar o partido de volta ou eliminar aos dous equipos, a Federación Galega optou pola vía máis complexa e innovadora.

O partido de volta nunca se xogou, e instaurouse un triangular co O Val, equipo que tamén perdera na última eliminatoria da fase de ascenso. O triangular disputouse en campo neutral, e o Imperátor logrou o ascenso pese a perder por tres goles a cero o primeiro

O Milagrosa - Ribeira, xogarase o próximo xoves a partir das 19:00 horas en Santiago de Compostela

encontro da eliminatoria.

Nesta ocasión, o equipo lucense inmerso é a Milagrosa infantil. Os de Madriles acudiron á fase de ascenso como subcampións provinciais, polo camiño máis longo, para conseguir unha praza na Liga Galega infantil.

As dúas primeiras eliminatorias disputáronse a partido único en campo neutral, a primeira na Ribela ante o Santa María del Mar, impoñéndose por un gol a cero. A semana seguinte citáronse na Marosa co Narón, ao que eliminaron cun marcador de dous goles a un.

Na que se presumía que sería a última eliminatoria, a Milagrosa viuse as caras co Lalín. No partido de ida os de Madriles perderon por un avultado tres a cero, pero soñaron coa remontada en Friga. Esta non chegou e a Milagrosa espertouse do soño do ascenso ás portas da Liga Galega.

Ata aquí todo normal. A sorpresa saltou polo outro lado do cadro, no que chegaron á última eliminatoria Conxo e Ribeira.

O Conxo gañou os dous encontros, cinco a un e cinco a seis, polo que os composteláns asinaron o salto de categoría. Con todo, esta tempada firmaran un convenio de filialidade co Santiago de Compostela, club que xa ten un equipo na Liga Galega infantil.

O resultado de todo iso é que o Conxo non pode ascender, e que queda unha praza libre na máxima categoría. A solución proposta pola Federación Galega de fútbol foi un partido entre Milagrosa e Ribeira, amparándose en varios artigos regulamentarios que dictan que nestes casos a praza será para un dos dous equipos que quedaron eliminados na última rolda. A Federación puxo lugar, data e hora para este encontro, o xoves 21 de xuño a partir das 19:00 horas en Santiago de Compostela, o gañador deste partido entre Ribeira e Milagrosa, xogará a próxima temporada na Liga Galega infantil.

As finais da Copa Deputación benxamín e alevín dispútanse mañá pola mañá na Ribela

As dúas finais xóganse en Sarria a partir das 11:30 horas de mañá. Na categoría alevín mídense dous equipos mariñaos, o Santiago de Foz e o Viveiro A. Os celestes chegan a esta rolda tras eliminar á Ferroviaria, e parten como favoritos ante un Foz sempre perigoso. Na categoría benxamín os dous equipos do CD Lugo, o A e o B, chegaron á final tras superar con facilidade as súas respectivas semifinais





Brollón e Burela xogarán a final no Anxo Carro

Cítanse tras impoñerse a Chantada Atlético e Fonsagrada. En xogo estará o título de Copa Deputación "Memorial Jorge Tato" de Segunda e Terceira Autonómica

Como cada tempada, as diferentes categorías nas que se divide a Copa Deputación de fútbol en Lugo acaparan o protagonismo na recta final do curso. Esta edición, a XXXV, rende homenaxe a Jorge Tato Rey, xogador que perdeu a vida nun trágico accidente cando volvía de adestrar co seu equipo, o Rácing Villalbés.

En sénior, a competición divídese en tres. A primeira mide aos equipos lucenses que competiron en Rexional Preferente, Polvorín, Viveiro, Ribadeo, Castro, Residencia, Outeiro de Rei e Escairón, cos 18 equipos que xogaron esta tempada en Primeira Rexional. Esta Copa está na rolda de semifinais. Hoxe xogárase a primeira, na que se verán as caras Páramo e Viveiro a partir das 16:30, nun cruzamento a partido único, mentres que no outro emparellamento xóganse o pase á gran final Taboada e Outeiro de Rei, nun encontro que terá lugar mañá a partir das 18:00 horas na Medela.

A Copa Deputación, para os equipos que participan en Segunda e Terceira Autonómica, xa está no seu desenlace final. Brollón e Burela xogaranse o título mañá a partir das 18:30 horas no Anxo Carro. Ambos equipos preséntanse nesta última rolda tras eliminar a Chantada Atlético e Fonsagrada respectivamente en cadansúa quenda de penaltis.

Brollón e Burela competiron esta tempada en Segunda Autonómica, pero en distintos grupos, os mariñaos fixérono no Norte e o Brollón no Sur. Sen un favorito claro, o Burela intentará poñer o broche de ouro a unha espectacular tempada na que conseguiron o ascenso á Primeira Rexional tras alzarse co título de Liga, asinando 70 puntos logo de 30 xornadas nas que gañaron 22 partidos e empataron e perderon tan só catro.

O Burela, un clásico do fútbol provincial, volverá á Primeira Rexional o próximo curso e ten a oportunidade de despedir o ano cun título de Copa que se lle resiste aos mariñaos desde fai 20 anos.

Abel Eijo, un home da casa, está á fronte do equipo, pero esta final será o seu último encontro no banco mariñaño, xa que Jaime tomará as rendas do primeiro equipo a partir deste encontro.

Pola súa banda, na Copa Deputación de fútbol femi-

nino, na que compiten os catro equipos de Provincial, Friol, Milagrosa, Antas e Ribadeo, xóganse esta fin de semana os encontros de volta das súas respectivas eliminatorias, nas que o Friol impúxose en Friga á Milagrosa por un gol a seis, e o Antas en Ribadeo por un gol a tres.

Brollón e Burela mídense na gran final de Segunda e Terceira mañá, a partir das 18:30, no Anxo Carro

Os finalistas de Preferente e Primeira saíran das eliminatorias entre O Páramo- Viveiro e Taboada - Outeiro de Rei

Friol - Milagrosa e Antas - Ribadeo xogarán mañá os partidos de volta das semifinais





DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

Sábado 16 de xuño 2018

PATINAXE ARTÍSTICA

Club Campelas do Saviñao

AS PATINADORAS DE ESCAIRÓN PARTICIPA MAÑÁ NO CAMPIONATO GALEGO na modalidade Show, con un equipo de oito patinadoras que escenificarán a coreografía **¿A que tienes miedo?**

O club de patinaxe artística Campelas do Saviñao participará mañá no Campionato Autonómico de Segunda Categoría na modalidade de Show, na que se compite por equipos.

As patinadoras de Escairón, que dominan os campionatos provinciais e que veñen acumulando moi boas actuacións nas competicións galegas de deporte escolar, repiten neste campionato federado, ao que xa subiron ao podio o ano pasado.

O equipo lucense presentárase no pavillón municipal de Tui –que acolle o torneo durante toda a xornada – cunha coreografía que chaman “¿A que tienes miedo?”, e na que simulan unha situación de aracnofobia. “Trátase dun equipo de oito, sete patinadoras caracterizadas como arañas e un patinador que representaría á persoa que padece esa sensación de medo”, explica Lorena Filomena. “É un exercicio que vimos realizando durante a temporada” comenta a adestradora. As coreografías poden manterse durante dous anos, logo deben cambiarse, co que se inicia outro proceso creativo no que se debe conxugar a técnica da patinaxe, coa música e co vestiario.

O de Campelas será o último pase da xornada na categoría de grupos pequenos –de menos de 12 integrantes- segundo se establece na orde de saída do Campionato no que se poderán ver outras 20 coreografías. “Estamos contentas porque nestes anos conseguimos estar aí, competindo a bo nivel con clubs de Coruña e Vigo, con moitas máis patinadoras que levan moito máis tempo traballando”, comenta Lorena.

Ela impulsou a creación do club hai seis anos. “Nacín en Suíza e aprendín a patinar alí. Vin para aquí con oito anos. Empecei dando clases de patinaxe como actividade extraescolar en colexios da zona e hai seis anos decidimos crear o club para poder participar nas competicións”,



explica a adestradora, que traballa man a man con Neli López e Lara Aguiar.

O club conta con 30 patinadoras e patinadores de entre seis e quince anos, que se preparan especialmente para os meses máis intensos da temporada, de abril a xuño, cando se desenvolven a maior parte dos torneos nas modalidades de equipo – o calendario das competicións individuais ten as citas máis repartidas ao longo do ano-. Entrenan unha hora e media dous días á semana, martes e sábado. “A maioría comeza con nós sobre os sete ou oito anos, é a idade ideal, aínda que non é excluínte”.

Un bo resultado no campionato de Tui engrosaría

un palmarés xa envexable no que vai de temporada. Os dous equipos do club –infantil e sénior- gañaron o campionato provincial disputado en Bóveda, e hai tres semanas mostraron o seu gran nivel no campionato galego celebrado na Coruña –competición escolar- cunha décima e unha cuarta praza respectivamente.

“Unha parte imprescindible de todo isto son os pais de patinadoras e patinadores. Somos un deporte minoritario, con moi poucos apoios económicos. Eles fanse cargo de todo, comezando polo vestiario, que se renova para cada coreografía”, comenta Lorena, agradecida pola implicación das familias na actividade do club.



DEPUTACIÓN DE LUGO

A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE

